

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 5 DE FEBREIRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do humidal protexido lagoa e areal de Valdoviño.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declara municipio turístico o concello de Palas de Rei.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Taboada para a execución da obra de construción de ETAP en Taboada, Taboada (Lugo), clave OH.227.640, por importe de cincocentos tres mil vinte e nove euros con trinta e seis céntimos (503.029,36 euros).

**INFORMES**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a convocatoria pública para a adxudicación de equipamento de vehículos e motocicletas a concellos de menos de 50 mil habitantes.
- Informe de seguimento do Plan integral de turismo 2014-2016.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a oferta pública de emprego para o ano 2015.



---

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre o Programa de renovación do tecido comercial galego.
- Informe sobre a Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.
- Informe sobre o plan Proxecta da innovación educativa 2012-2015.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DA LAGOA E AREAL DE VALDOVIÑO, QUE SE CONVERTE NO PRIMEIRO HUMIDAL PROTEXIDO DE GALICIA CON ESTA FIGURA**

- *O documento establece un protocolo de actuación para evitar a ruptura violenta da barreira natural coa apertura dunha canle temporal que reproduce a canle propia da lagoa para desaugadoiro e que minimiza o risco de afección neste espazo*
- *O complexo húmido da Frouxeira constitúe un dos lugares de maior diversidade de Galicia, con 29 hábitats considerados de interese comunitario e 160 especies da fauna e flora con algunha figura de protección*
- *O Plan de conservación desenvólvese co fin de compatibilizar a protección e conservación do espazo natural cos condicionantes de poboación existentes*
- *Partindo do amplo proceso de diálogo e dun exhaustivo diagnóstico sobre os principais riscos que afronta o lugar, establécese unha regulación de usos e unhas liñas de acción para a recuperación, protección e divulgación dos valores naturais do humidal*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto do Plan de conservación do humidal protexido lagoa e areal de Valdoviño, que se converte deste xeito no primeiro dos humidais protexidos de Galicia que conta con esta figura de protección. O plan parte dun exhaustivo diagnóstico sobre os principais riscos que afronta o lugar para establecer unha regulación de usos e unhas liñas de acción para a recuperación, protección e divulgación dos valores naturais do humidal.

O documento de planificación establece un protocolo de actuación para evitar a ruptura violenta da barreira natural da lagoa, coa apertura dunha canle temporal que reproduce a canle natural de desaugadoiro e que minimiza o risco de afección neste espazo, nos seus hábitats e nas persoas.

A lagoa de Valdoviño, que constitúe un dos cinco humidais protexidos de Galicia, está formada pola lagoa litoral da Frouxeira e por un sistema dunar en moi bo estado de conservación. Este complexo húmido constitúe un dos lugares de maior diversidade de Galicia, tanto pola presenza de hábitats naturais e seminaturais de especial relevancia como polo importante número de especies da fauna e flora protexidas.

Este lugar conta con diferentes declaracións para preservar os seus valores naturais: humidal de importancia internacional (convenio Ramsar), zona de especial protección para as aves (ZEPA), zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), humidal protexido e zona de especial conservación (ZEC). Por tal motivo e co obxectivo de compatibilizar a protección e conservación do espazo natural cos condicionantes de poboación existentes, desenvólvese o plan de conservación.



O ámbito territorial do plan abrangue unha superficie de 485,23 ha e correspóndese coa delimitación establecida polas figuras de protección de humidal protexido. O espazo natural conta con 29 hábitats considerados de interese comunitario e 160 especies da fauna e flora con algunha figura de protección.

Os elementos que destacan neste espazo natural e que podemos considerar como elementos clave para a súa xestión son o conxunto da lagoa e o sistema de praia e dunas.

A lagoa da Frouxeira é unha lagoa intermareal que no último século sufriu diferentes cambios, xerados na maioría dos casos por perturbacións antrópicas que modificaron o funcionamento hidrolóxico do sistema barreira litoral lagoa. Actualmente prodúcense episodios nos que a canle de comunicación entre a cubeta e o mar permanece pechada e se produce unha suba do nivel da auga que provoca a inundación tanto na zona viaria anexa ás vivendas como en parte dos terreos destas, seguidos pola ruptura total da barreira litoral e o baleiramento da lagoa. Esta ruptura brusca e explosiva da barreira pode traer efectos negativos sobre os ecosistemas dunares e do humidal.

A zona, ademais, sofre outras presións e ameazas relacionadas coa presenza de especies alóctonas invasoras, diversas prácticas agrarias e forestais, a calidade das augas da lagoa e a presión antrópica motivada polo tránsito de persoas polas dunas, cantís e zonas de praias, a entrada ocasional de vehículos de motor, as limpeza mecánicas da praia e a práctica de determinados deportes.

A partir desta diagnose previa o plan establece unha regulación de usos e unhas liñas de acción que abranguen a recuperación do funcionamento hidrolóxico do humidal, a restauración dos hábitats dunares, o regulamento das actividades de uso público, o control e mitigación das especies exóticas invasoras, a promoción da información ambiental dos valores do complexo húmido e o establecemento dun seguimento do humidal.

### **Liñas de actuación**

O plan establece uns obxectivos específicos de conservación e unhas áreas prioritarias de actuación para acadar cada un destes obxectivos. As liñas de actuación propostas son o resultado da experiencia en xestión, análises de estudos específicos sobre o lugar, da colaboración con outras administracións públicas e do proceso de participación pública. Abranguen, en liñas xerais, as seguintes actuacións:

- Actuacións sobre a lagoa costeira.
- Actuacións sobre outros tipos de hábitats.
- Actuacións sobre especies.
- Uso público.



Mediante a aprobación deste decreto o Consello da Xunta dá cumprimento a un mandato do Parlamento de Galicia no que se instaba a Xunta a buscar novos mecanismos de actuación na lagoa cando sexa necesaria a apertura do desaugadoiro e executar as accións necesarias que permitan a conservación e restauración do espazo natural.

A partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, as disposicións contidas no plan serán vinculantes tanto para as administracións públicas como para os particulares, e prevalecerán sobre o planeamento urbanístico.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE ACORDO POLO QUE SE DECLARA MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO O CONCELLO DE PALAS DE REI**

- ***Galicia conta así con 43 municipios turísticos nas catro provincias galegas, 12 deles na provincia de Lugo***
- ***A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido, non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar as citadas declaracións se deixasen de concorrer os requisitos e condicións conforme aos cales se outorgou esta declaración***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declara municipio turístico o concello de Palas de Rei, na provincia de Lugo. Galicia conta así con 43 municipios turísticos nas catro provincias galegas. Coa incorporación de Palas de Rei, a provincia de Lugo conta con 12 municipios turísticos: Ribadeo, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Chantada, Viveiro, Foz, Quiroga, Samos, Lugo, Sarria, Sober e Palas de Rei.

O concello de Palas de Rei conserva na actualidade numerosos restos arqueolóxicos testemuña dun remoto asentamento castrexo.

Nos anos 702 e 710 foi reino visigodo o que acredita un pasado histórico de relevancia que acada o maior período de prosperidade na Idade Media grazas en boa parte ao Camiño de Santiago.

Os seus vestixios románicos son numerosos destacando na arquitectura relixiosa a igrexa de Vilar de Donas, un dos referentes principais do románico galego, declarada en 1931 monumento histórico-artístico.

O concello de Palas de Rei, conta cun amplo patrimonio histórico, cultural, artístico e paisaxístico, destacando o Castelo de Pambre, as Torrentes de Mácara, ou a Serra de Careón, entre outros moitos. O castelo do Pambre constitúe o monumento máis representativo, xa que foi a única fortaleza que resistiu a revolta irmandiña de 1467. Esta xoia patrimonial constitúe un auténtico reclamo turístico non só para o concello se non para toda a provincia.

O seu patrimonio natural conta con importantes espazos protexidos como a Serra de Careón cunhas especiais características no subsolo que a converten nunha área de grande interese xeolóxico a nivel peninsular.

A actividade turística do concello xira en torno ao auxe da peregrinación a Santiago de Compostela e o aumento de camiñantes que percorren o municipio desenvolvendo algunha das dous rutas xacobeas que o atravesan, o Camiño Francés ou o Primitivo.



Así tamén a oferta de aloxamento é numerosa e variada, con prazas en diversas clases de establecementos turísticos que xunto coa oferta de restauración redunda positivamente na súa economía.

Así mesmo, para ampliar a variada oferta turística está en proxecto a rehabilitación polo sector privado do pazo sobre o que dona Emilia Pardo Bazán escribiu a súa renomeada novela os Pazos de Ulloa para levar a cabo un establecemento hoteleiro singular.

Dentro da súa oferta turística destaca tamén o Balneario do Río Pambre, un establecemento de primeira calidade no sector do termalismo.

Todo isto, xunto cos informes favorables da Deputación provincial de Lugo e as consellerías competentes, xustifican amplamente os requisitos establecidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, aos efectos da súa declaración como municipio turístico galego.

A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido. Non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar as citadas declaracións se deixasen de concorrer os requisitos e condicións conforme aos cales se outorgou esa declaración.



## **A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 503.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DUNHA POTABILIZADORA NO CONCELLO DE TABOADA QUE OPTIMIZARÁ O SISTEMA DE ABASTECIMENTO**

- *As novas infraestruturas dobrarán a capacidade de bombeo de auga, co que se obterá un caudal de ata 25 l/s fronte aos 12 l/s actuais*
- *Construirase un edificio para as instalacións do sistema de maquinaria e reactivos de potabilización da ETAP e baixo este executarase un depósito onde se verterán por gravidade as augas despois da filtración*
- *A Xunta, mediante a colaboración cos concellos neste tipo de actuacións, pretende garantir o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade, velando polo consumo responsable e aforro*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Taboada para a execución dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) neste municipio lucense, cunha poboación de 3.100 veciños.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, financia este proxecto hidráulico cunha achega económica de máis de 503.000 euros.

Na actualidade o abastecemento de Taboada realízase mediante unha captación de auga do río Moreda, estanse bombeando 12 l/s e coas obras proxectadas preténdese obter caudal para bombear ata os 25 l/s, co que se logra caudal suficiente para as épocas de estiaxe e completar a subministración ao polígono industrial.

Prevese a construción dunha nova ETAP a partir das instalacións existentes na actualidade. Así, está previsto executar un novo edificio para albergar as instalacións do sistema de maquinaria e reactivos de potabilización da ETAP. Enterrado baixo este executarase un depósito intermedio onde se verterán por gravidade as augas despois do proceso de filtración. Un equipo de dúas bombas impulsará a auga tratada ao depósito existente para a súa almacenaxe e cloración.

Acaroado ao depósito existente e nas inmediacións do edificio da ETAP, construírse un pequeno edificio no cal se aloxará un equipo de análise e medición en continuo de nivel do cloro da auga do depósito, así como unha bomba dosificadora e un depósito. Este equipamento substitúe o existente na cámara de claves que está afectado pola corrosión.

Finalmente, a parcela pecharase en parte, delimitando a zona de potabilización, para evitar o paso a estraños ou animais ás zonas abertas nos depósitos. O peche





realizárase con malla de tela metálica plastificada, de 1,50 metros montada sobre un muro de bloque. Acondicionárase os accesos e iluminación exterior.

A Xunta, mediante a colaboración cos concellos neste tipo de actuacións, pretende garantir o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade, e velar así mesmo, polo seu consumo responsable e fomentar o seu aforro.



## **O CONSELLO DA XUNTA INFORMA DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA O EQUIPAMENTO DE VEHÍCULOS E MOTOCICLETAS AOS CONCELLOS GALEGOS**

- ***O equipamento consta de 50 vehículos tipo turismo e 26 motocicletas tipo trail, cun importe de licitación de 1.070.000 euros***

O Consello da Xunta informou hoxe da convocatoria das axudas para a adquisición de equipamento de vehículos e motocicletas a concellos de menos de 50.000 habitantes que contan con corpo de policía local.

Así, o Consello da Xunta informou das bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de vehículos policiais de emerxencias aos concellos galegos. O equipamento consta de 50 vehículos tipo turismo e 26 motocicletas tipo *trail*, cun importe de licitación de 1.070.000 euros.

Poderán solicitar este equipamento os concellos de menos de 50.000 habitantes que dispoñan de corpo de policía local, que teñan presentadas as contas no Consello de Contas de Galicia e que non teñan recibido axudas por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o mesmo fin nos seis últimos anos.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Serán por conta dos beneficiarios os gastos de matriculación, incluído, se é o caso, o imposto especial sobre determinados medios de transporte, seguros, mantemento, conservación e calquera outro gasto que puidese supoñer a cesión.

### **Cráterios de valoración e repartición**

A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva e, para a elaboración da proposta de resolución, teranse en conta a mellor ratio derivado da relación entre o número de funcionarios do corpo de policía local e o número de habitantes do concello; a mellor cobertura efectiva do cadro de persoal; maior antigüidade dos vehículos ou motocicletas recibidos nos dez últimos anos desde a Xunta de Galicia; o ratio entre o número vehículos turismo e o total de persoal funcionario existente, así como a mesma ratio respecto do número de motocicletas, e que os concellos solicitantes cumpran a normativa de coordinación de policía locais.



## **O CONSELLO DA XUNTA ACTUALIZA OS OBXECTIVOS DO PLAN INTEGRAL DE TURISMO DESPOIS DE QUE O PASADO ANO ALGÚNS DELES FOSEN SUPERADOS**

- ***A Xunta de Galicia propónse superar en 2016 os 5 millóns de viaxeiros tras acadar no pasado ano os 4.042.776 millóns de turistas***
- ***O obxectivo de viaxeiros internacionais, que no pasado alcanzou os 1.063.612, elévase a 1.250.000***
- ***A cifra obxectivo do gasto do turismo internacional para o 2016 fíxase en 1.050 millóns, fronte aos 836 millóns de euros proxectados inicialmente***

O Consello da Xunta fixo balance hoxe da execución do Plan integral de turismo de Galicia tras un ano desde a súa implantación e aprobou actualizar algúns dos seus obxectivos despois de que fosen superados no pasado ano. Deste xeito, o dito estudo amosou que tanto os obxectivos dos indicadores de xestión como as principais liñas que se están a seguir, están sendo acadadas tal e como recolle o calendario de actuación, e mesmo están sendo superadas con grande éxito.

Un dos principais obxectivos fixados no Plan que xa foron superados foi o relativo ao turismo internacional. O número de viaxeiros internacionais que elixiron os establecementos regrados da nosa comunidade no ano 2014 superou o obxectivo proxectado do millón, ao rexistrarse 1.063.612. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe elevar o obxectivo de viaxeiros internacionais para o ano 2016 á cifra de 1.250.000.

Tamén se superaron os obxectivos previstos para o gasto que realizaron estes viaxeiros internacionais. No pasado ano os turistas internacionais gastaron na nosa comunidade 895.230.334 euros. O Consello da Xunta fixou a nova cifra obxectivo do gasto do turismo internacional para o 2016 en 1.050 millóns, fronte aos 836 millóns de euros prognosticados.

En canto á cifra de viaxeiros aloxados en establecementos regrados, superou en 2014 o obxectivo marcado dos 4 millóns de turistas ao contabilizarse neste período 4.042.776. Neste senso, o Consello da Xunta acordou incrementar a dita marca aos 5 millóns de viaxeiros.

Deste xeito, quedou demostrado que as accións do Plan integral están a ter a súa pegada na demanda, tal e como se manifesta no cumprimento dos obxectivos estratéxicos.



### **O Camiño de Santiago como eixe vertebrador**

Na primeira liña estratéxica, “O Camiño de Santiago como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional” as actuacións postas en marcha máis salientables foron a redacción dun plan director do Camiño, o inicio do proxecto Smart Camiño, o convenio de colaboración cos concellos do Camiño Francés para a realización de tarefas de atención ao peregrino e de mantemento e conservación da ruta, o nomeamento do actual rei de España, Felipe VI, do presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, e o seleccionador de fútbol de España, Vicente del Bosque, como embaixadores de honra do Camiño, as actividades enmarcadas no VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco a Santiago –entre as que destaca a celebración do Congreso internacional das peregrinacións-, a creación de novos produtos como a iniciativa gastronómica do Menú Peregrino ou o Railpass, en colaboración con Renfe, grazas ao cal, por un módico prezo, os peregrinos e turistas poden viaxar en tren en Galicia tantas veces como queiran durante dez días.

### **Oferta turística baseada nos recursos endóxeos diferenciais**

Na segunda liña estratéxica centrada na oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxeos diferenciais para acadar a desestacionalización e os novos públicos, destacan accións como a aprobación do Plan de turismo termal para a provincia de Ourense, a asistencia a feiras especializadas, entre as que destaca a participación en Termatalia Arxentina, na que Galicia se consolidou como referente internacional en turismo en saúde, a elaboración da primeira fase de execución do proxecto do Club de Produto da Auga de Galicia, os trens turísticos vinculados a produtos específicos –a enoloxía, as camelias, o termalismo ou os faros e praias salvaxes- premiados nesta pasada edición de Fitur como mellor produto de turismo activo nacional na modalidade de cultura, a potenciación das xornadas de portas abertas das rutas dos viños, a sinalización da Ruta das Camelias, a apertura de dous novos centros BTT –Portas de Galicia e Serra do Xurés-, a promoción das festas de interese turístico, a posta en marcha dun plan para a xestión de fluxos na praia das Catedrais ou a promoción do destino de surf enmarcada no convenio da España Verde, entre outras actividades.

### **Consolidación de Galicia como destino ambiental, social e economicamente sustentable**

As accións da liña estratéxica dirixida á consolidación de Galicia como destino ambiental, social e economicamente sustentable, están presentes en diversas actuacións de maneira transversal, xa que, ás veces tendo outro obxectivo específico, implican pola súa vez unha visión sustentable, social e ambiental.

Deste xeito, neste primeiro ano traballouse no desenvolvemento de destinos accesibles -Rías Baixas e Arousa Norte-, actualizouse e publicouse un folleto específico de establecementos turísticos accesibles, colaborouse na implantación da Carta europea de turismo sustentable, realizouse promoción dos espazos naturais icona como a praia



das Catedrais ou as Illas Atlánticas e puxéronse en marcha produtos ambientais especializados -as rutas ornitolóxicas, as zonas de calidade astronómica para a observación do ceo, a ruta dos mosteiros ou os centros BTT de Galicia-.

### **Apoio ao talento e ao uso das novas tecnoloxías**

Tamén no que se refire ao fomento do talento e ao aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente atopámonos con accións con este obxectivo específico e actuacións transversais.

Nesta liña estratéxica podemos destacar a posta en marcha da Escola de Turismo Itinerante, o apoio á formación, na que salienta a Cátedra de Hidroloxía Médica de Galicia e o máster de Dirección e planificación do turismo interior e de saúde da Universidade de Vigo, e a posta en marcha do plan Smart Turismo, entre outras moitas iniciativas.

Neste eido, o Centro Superior de Hostalería de Galicia segue sendo o referente da alta formación no sector cunha repercusión a nivel mundial.

### **Promoción e comercialización de Galicia**

A promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo á demanda desenvolveuse no exterior mediante viaxes de promoción, viaxes de familiarización con prensa e turoperadores, viaxes con blogueiros, workshops con turoperadores, ou coa participación en 19 feiras internacionais. Ademais de coa figura do embaixador do Camiño e coa colaboración con empresas, con Galicia Calidade ou con Artesanía de Galicia. Así mesmo, celebráronse diversos congresos, de ámbito internacional ou europeo, en Galicia -Congreso internacional de turismo industrial, Seminario de traballo dos itinerarios culturais europeos, Congreso internacional da camelia, Congreso das peregrinacións e Comité Executivo da OMT-.

A promoción do turismo interno e de proximidade realizouse mediante o Mes da Maxia, os programas do Outono Gastronómico, Come o Mar, as Rutas da Artesanía, ou De Tapas por Galicia, entre outros, que recibiu o Premio Excelencia Turística pola súa promoción do turismo urbano.

### **Consenso e cooperación público-privada**

Por último, a liña baseada no consenso e a cooperación entre o sector público e privado para un marco eficiente e xerador de oportunidades é de claro signo transversal e instrumental. A colaboración co sector público e privado foi unha constante nas actividades en turismo.

Nesta liña destaca a colaboración acadada cos xeodestinos, coas catro deputacións provinciais e con diversos concellos, así como coa universidade, a Administración



Xeral do Estado, a Secretaría Xeral de Emigración, a Fundación de Artesanía e do Deseño e con outras institucións públicas.

A intensa colaboración co Clúster de Turismo de Galicia sintetiza a que se desenvolveu con todo o sector empresarial e profesional.

En materia de normativa tramitáronse diversos decretos relativos ás festas de interese turístico –xa publicado no *Diario Oficial de Galicia*–, municipios de interese turístico, guías turísticos de Galicia, así como unha modificación da Lei de turismo que xa foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* para regular as vivendas de alugamento de tempada.



## **A XUNTA DE GALICIA APROBARÁ ESTE ANO UNHA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CON 1.163 PRAZAS, CATRO VECES MÁIS QUE EN 2014**

- *A oferta de emprego público para 2015 incluírá prazas no eido de educación (446), sanidade (344) e no persoal da Administración xeral (373)*
- *Nas próximas datas concretarase a distribución das prazas por sectores e especialidades, unha que se vez se determine a repartición nas distintas mesas sectoriais*

A Xunta de Galicia prevé ofertar neste 2015 un total de 1.163 prazas nas súas ofertas de emprego público, o que supón multiplicar por catro o número de prazas incluídas na oferta de emprego do pasado ano. Así o reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

En concreto, a oferta de emprego público da Administración galega para o ano 2015 contará con 446 prazas correspondentes a persoal docente, 344 prazas para persoal sanitario e 373 para persoal da Administración xeral. Neste ano producirase un incremento de 890 prazas respecto ao pasado ano, xa que a OEP de 2014 incluíu 273 prazas: 117 en Educación, 103 no Sergas e 53 en Administración xeral.

No que se refire ao ámbito docente, do total de 446 prazas que se incluírán na OEP da Consellería de Educación neste 2015, 432 pertencen ao corpo de mestres e 14 á Inspección Educativa. A oferta docente comprenderá todas as especialidades do corpo de mestres, agás na especialidade de francés. Polo tanto, ofertaranse prazas nas seguintes especialidades: Educación Infantil, Educación Primaria, Lingua Extranxeira (Inglés), Educación Física, Música, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

En canto á oferta de emprego da Administración xeral prevense 373 prazas, das que 265 son da quenda libre e 108 para promoción interna. A oferta de prazas comprenderá áreas como a loita contra a fraude fiscal e o control do gasto público, o asesoramento xurídico, a informática, os gardacostas, as ensinanzas náuticas e marítimo-pesqueiras, a veterinaria, a subinspección urbanística ou os axentes ambientais, entre outras.

Respecto ao persoal sanitario, a prioridade neste caso será incorporar novos profesionais sanitarios pola condición de servizo público esencial da actividade que realizan, polo que cómpre iniciar un novo procedemento de selección en determinadas categorías de persoal estatutario.

### **Distribución por sectores**

Nas próximas datas concretarase por sectores e especialidades como vai ser distribuído o total das prazas da oferta, e quedará pendente que se determine a súa



repartición nas correspondentes mesas sectoriais docente e sanitaria, así como na mesa xeral de empregados públicos, unha vez que se realicen as negociacións correspondentes coas organizacións sindicais.

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015 dispón que durante o exercicio en curso non se procederá á incorporación de novo persoal no sector público autonómico, agás a que poida derivarse da execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.

Non obstante, exceptúanse da anterior limitación determinados sectores e colectivos de mercado carácter prioritario respecto dos que a taxa de reposición se fixa ata un máximo do 50%. Para estes efectos, considéranse efectivos aquel persoal que veña desenvolvendo a súa actividade con carácter permanente nos servizos da Comunidade Autónoma.

### **Reserva de cota**

Con respecto á cota para persoas con discapacidade, reservarase unha porcentaxe non inferior ao 7% das prazas convocadas, de maneira que unha porcentaxe desa reserva irá destinada a persoas que acrediten discapacidade intelectual, que se distribuirá entre as prazas obxecto desta oferta.

Os procesos selectivos que se realicen terán carácter aberto e garantirán a libre competencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna, polo que a selección do seu persoal garantirá os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade no acceso ao emprego público.





## O PROGRAMA DE RENOVACIÓN COMERCIAL DA XUNTA IMPULSA CON 2,6 MILLÓNS A INNOVACIÓN E A CALIDADE NO SECTOR

- ***Economía e Industria apoia os comerciantes galegos na modernización dos seus negocios potenciando a incorporación do smart commerce, novas ferramentas de xestión e melloras na presentación dos produtos***
- ***Como novidade, promoveranse ademais actuacións de mellora da imaxe exterior e o acondicionamento dos establecementos***
- ***No marco do Plan de artesanía de Galicia, impúlsanse melloras na comercialización e na xestión no sector artesan galego***
- ***O programa recolle tamén apoios para a transmisión comercial***
- ***O comercio galego encadea catro meses consecutivos con taxas positivas nas vendas***
- ***Para reforzar esta tendencia, a Consellería leva activados xa nos primeiros 40 días do ano programas de apoio ao sector comercial por 7,6 millóns de euros***

A Consellería de Economía e Industria pon en marcha unha nova edición do programa de renovación do tecido comercial, dotado con 2,6 millóns de euros e que ten como obxectivo impulsar a innovación e a calidade do sector adaptándoo ás novas demandas dos consumidores ao tempo que se dá continuidade ao saber facer dos comerciantes galegos.

Así, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, poñerase en marcha unha orde de axudas destinada a comerciantes e federacións do sector, así como a titulares de obradoiros artesanais e asociacións profesionais de artesáns.

A través desta convocatoria, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* en próximas datas, os comercios e as empresas artesanais poden obter axudas para a posta en marcha de novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que combinen o comercio *on line* e o *off line* ou que impliquen a utilización das redes sociais para a venda, avanzando así na incorporación do *smart commerce*, baseado na interrelación co cliente, complementando a súa experiencia de compra presencial coas diferentes canles comerciais.

Tamén para a implantación de ferramentas que melloren a xestión do negocio e o deseño dos seus produtos que non fosen utilizadas con anterioridade; e para o desenvolvemento e implantación de novos sistemas de *packaging* e etiquetaxe. Para este tipo de iniciativas tanto comerciantes como obradoiros artesanais poden sumar axudas de ata 11.500 euros.



Ademais, como novidade, os comerciantes poden obter apoios de ata 6.000 euros para o acondicionamento do local comercial, e para medidas orientadas á mellora da imaxe exterior e a adquisición de moblaxe e equipamento.

Dentro desta orde, no marco do impulso ao asociacionismo comercial como un dos eixes da estratexia específica de apoio ao sector, con diferentes programas de apoio ao longo do ano, as federacións de comerciantes poderán optar a apoios de ata 3.000 euros para o desenvolvemento de sistemas de *m-commerce* (comercio a través do móbil), aplicacións e webs móbiles.

### **Impulso á competitividade do sector artesán**

Nesta mesma convocatoria, apoiaranse con ata 63.000 euros as asociacións profesionais de artesáns no desenvolvemento de sistemas de etiquetaxe intelixente, que acheguen información sobre os produtos e o seu proceso de elaboración. Estas entidades tamén poderán desenvolver con ata 56.000 euros de axuda proxectos de deseño e creación de novos produtos a partir da colaboración de dous ou máis artesáns e un deseñador.

Os apoios ás asociacións e ás empresas artesáns enmárcanse no Plan de artesanía de Galicia, unha folla de ruta que ten por obxectivo lograr un sector artesán sólido e sustentable no tempo e que contribúa ao crecemento da economía galega, incidindo na competitividade empresarial e a potenciación do talento.

Dentro tamén do programa de renovación do tecido comercial, a Consellería de Economía e Industria ten aberto ata o 31 de agosto a convocatoria de axudas para a transmisión comercial, dotada con 150.000 euros, co obxectivo de impulsar o emprendemento e a continuidade da calidade do sector en Galicia.

Os transmisores, que deben ter 64 anos ou máis no momento da presentación da solicitude, poderán recibir axudas de 800 euros mensuais ata a idade ordinaria de xubilación, ata un máximo de 12.800 euros, ou un único pagamento de 800 euros se xa a teñen. Os que retomen a actividade recibirán apoios por 2.000 euros e formación por parte do comerciante experimentado.

A posta en marcha desta iniciativa forma parte da estratexia específica de impulso ao sector comercial, que grazas ao importante esforzo dos comerciantes galegos, co apoio da Xunta de Galicia, encadea catro meses consecutivos con taxas positivas nas vendas do comercio, datos que indican que se pechou 2014 cunha estabilización das vendas, e unhas cifras de ocupación que medran tamén na nosa comunidade por cuarto mes consecutivo.



Para reforzar esta tendencia, coa posta en marcha do programa de renovación comercial, a Consellería de Economía e Industria leva xa activados nos primeiros 40 días do ano programas de apoio ao sector comercial por 7,6 millóns de euros

Ademais do programa para a renovación do tecido comercial do que hoxe se informou no Consello, están activos os programas de apoio aos concellos galegos para o impulso dos mercados, dotado con preto de 3 millóns de euros e cofinanciado con fondos Feder, así como a convocatoria de axudas ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos, cun orzamento de 2,2 millóns.



## **A ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN DA XUNTA BUSCA ACADAR AS 8.000 EMPRESAS EXPORTADORAS E INCREMENTAR NUN 25% O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN GALICIA EN 2020**

- ***A Estratexia suma 50 millóns para facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial consolidando a recuperación económica***
- ***Entre os obxectivos do plan, encadrado no marco da Axenda da competitividade industrial Galicia industria – 4.0, están o aumento do número de empresas exportadoras en máis dun 25% e o incremento da participación das exportacións no PIB galego ata o 40%***
- ***Promoverase a formación en idiomas de contido comercial e activarase un programa de mentorización e tutelaxe das grandes empresas galegas implantadas con éxito en mercados exteriores***
- ***Activaranse catro antenas comerciais en Perú, Dubai, Canadá e Alemaña como instrumentos complementarios á rede Pexga que focalizarán os seus obxectivos en sectores concretos***
- ***Poranse en marcha 12 plans operativos sectoriais específicos para as áreas estratéxicas da economía galega: agroindustria e mar-industria, naval, automoción, pedra natural, enerxías, téxtil, TIC, biotecnoloxía, enxeñaría, madeira, audiovisual e loxística integrada***
- ***O Igape será o encargado de definir, coordinar e realizar un seguimento continuo das políticas de internacionalización da Xunta***
- ***O plan resulta do diálogo e a colaboración cos axentes implicados, e inclúe as achegas do Foro da Internacionalización, celebrado con carácter de continuidade coa participación das grandes empresas exportadoras como tractoras das pemes galegas***

O Goberno galego ten na internacionalización do tecido empresarial un dos piares básicos para mellorar a súa competitividade e impulsar o crecemento económico. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe a Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020, que nace desde a unidade de acción e o diálogo mantido con todos os axentes implicados de cara a coordinar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, impulsando investimentos e creando emprego. Así, entre os principais obxectivos do plan está o de incrementar nun 25% o investimento estranxeiro en Galicia e o número de empresas exportadoras ata acadar as 8.000 no 2020.

Neste sentido, o novo plan, que suma 50 millóns de euros nos próximos dous anos e que se encadra no marco da Axenda da Competitividade Industrial Galicia Industria – 4.0, non só aspira a manter o crecemento das exportacións galegas, senón que busca facer de Galicia un foco de atracción de investimentos especializado en sectores e países concretos. Un esforzo orientado tanto ás empresas estranxeiras que desexen



apostar por Galicia como a aquelas xa establecidas que poidan realizar novos investimentos.

Así mesmo, cómpre salientar que a Estratexia, que persegue incrementar a participación das exportacións no PIB da Comunidade ata acadar o 40% no ano 2020, se sustenta sobre a base do diálogo e a vontade de colaboración. Neste sentido, durante os últimos meses mantivéronse distintas reunións cos axentes económicos e sociais galegos, unha ducia de encontros coas asociacións empresariais de toda Galicia e celebrouse o Foro da Internacionalización. Entre os máis de 300 participantes consensuouse un documento final que sumou máis dun centenar de achegas.

O dito foro, nacido con carácter de continuidade, conta coa participación das principais empresas exportadoras galegas, e serve de base para intercambiar as súas experiencias e trasladalas ao tecido produtivo galego, facendo destas grandes compañías as principais tractoras das pemes galegas na súa aposta pola internacionalización.

### **5 eixes de actuación e 20 medidas destacadas**

De cara a conseguir incrementar o volume das exportacións galegas e seguir insistindo na atracción de investimentos, a Estratexia conta con 5 eixes de actuación centrados nas pemes: o fomento da cultura de internacionalización, o incremento da presenza das pemes en mercados internacionais, a propia atracción de investimentos, a consolidación da imaxe de Galicia no exterior, e a unidade de acción de axentes, pemes e entidades financeiras.

Así, no primeiro destes eixes apóstase por promover unha cultura da internacionalización no empresariado galego. Para isto, impulsarase a formación en idiomas de contido comercial e levaranse a cabo talleres de *International Marketing Expertise* con empresas e directivos para analizar mercados retallistas cun alto nivel de especificidade. Ademais, activarase unha liña de excelencia educativa en internacionalización, que incluírá a posibilidade de realizar bolsas no estranxeiro, e consolidarase o apartado de internacionalización do programa ReAcciona de cara a facilitar a saída das pemes ao exterior.

Deste xeito, e en consonancia co segundo eixe, apóiase a presenza das pequenas e medianas empresas galegas nos mercados internacionais. Obxectivo reforzado con outras medidas entre as que destacan a activación dun programa de mentorización e tutelaxe das grandes empresas galegas implantadas con éxito noutros países, e a identificación de sectores e actividades *fast track* nos que polo seu alto valor engadido resulta necesario un impulso específico.



Así mesmo, crearase unha rede de canles de distribución por mercados, para facilitar a entrada das empresas e eliminar barreiras de coñecemento, e poranse en marcha 12 plans operativos sectoriais específicos para as áreas estratéxicas da economía galega: agroindustria e mar-industria, naval, automoción, pedra natural, enerxías, téxtil, TIC, biotecnoloxía, enxeñaría, madeira, audiovisual e loxística integrada.

En terceiro lugar, a Estratexia busca atraer novos investimentos estranxeiros a Galicia, para o que se porán en marcha distintas liñas de apoio a proxectos de internacionalización tanto a través de instrumentos financeiros propios e alleos como da colaboración coa Rede Galega de Business Angels. Ao mesmo tempo, favorecerase o peche de ciclos produtivos en Galicia mediante a identificación de oportunidades para a atracción de investimentos, e intensificarase a colaboración con entidades con capacidade de financiamento como o BEI, Cofides, o ICO ou Enisa.

O cuarto eixe atende á consolidación da imaxe de Galicia no exterior, para o que se desenvolverán campañas sectoriais en mercados estratéxicos de cara a reforzar a imaxe e presenza dos sectores económicos baixo a marca Galicia Calidade. Así mesmo, impulsarase unha estratexia integrada que potencie Galicia como plataforma loxística, e intensificaranse as campañas de sensibilización sobre a calidade dos produtos e servizos galegos.

#### **Creación de 4 antenas comerciais**

Todas estas actuacións, e conforme o quinto eixe da Estratexia, levaranse a cabo, unha vez máis, desde a unidade de acción dos axentes, pemes e entidades financeiras. Para isto, no caso da propia Administración, o Igape será o encargado de definir, coordinar e realizar un seguimento continuo das políticas de internacionalización que desenvolverá a Xunta.

Así mesmo, manterase o esforzo a través das oito plataformas da rede Pexga, e activaranse catro antenas comerciais ao longo deste ano en Perú, Dubai, Canadá e Alemaña, como instrumentos complementarios e máis flexibles que se focalizarán en sectores concretos.

Un esforzo conxunto por potenciar a internacionalización da economía galega que se estende ás autoridades portuarias e á Zona Franca de Vigo, coas que se manterá unha especial colaboración para facilitar a atracción de investimentos a Galicia; aos centros tecnolóxicos e aos clústeres, para favorecer o posicionamento da Comunidade como polo de innovación e coñecemento; e ao novo programa Primex, máis flexible e accesible de cara a estreitar a colaboración interempresarial galega na procura de novos mercados.



Co desenvolvemento da Estratexia, o Goberno galego consolida o traballo realizado ata o de agora, en colaboración co tecido produtivo, en materia de internacionalización, facendo dos mercados exteriores un motor de crecemento. Un traballo conxunto que permitiu en 2013 acadar un récord histórico de exportacións e balanza comercial e que contribuíu, nos primeiros 11 meses de 2014, a sumar 16.500 millóns en exportacións.



**A XUNTA DE GALICIA DESTINOU EN 2014 MÁIS DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS A CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES GALEGAS A MAIORES DO ASIGNADO A TRAVÉS DO PLAN DE FINANCIAMENTO, DOS QUE PRETO DE 1,3 SE CORRESPONDEN CO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO**

- ***A contía total deste ano supón un 5,8% máis ca no ano 2013***
- ***A contía global das axudas incrementouse no segundo semestre case nun 12,5 por cento con respecto ao mesmo período de 2013, mentres que o número de convenios asinados subiu nun 17 por cento***
- ***O 37,8 por cento dos recursos foron para financiar proxectos de investigacións de especial interese, seguido isto das accións sociais (31,81 por cento) e dos másteres oficiais (o 14,01 por cento)***

A Xunta de Galicia asinou no segundo semestre de 2014 un total de 28 convenios coas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o que supuxo unha achega 1.285.024 euros, unha cifra que supón un incremento de case o 12,5 por cento con respecto ao mesmo período de 2013. Trátase dunha achega ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) que se realiza a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento. Así o reflicte o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

En total as universidades recibiron no ano 2014 máis de 2,6 millóns de euros a través de convenios por riba do Plan de financiamento, un 5,8% máis ca no 2013.

### **Investigación**

Do total dos 28 convenios asinados (un 17 por cento máis que no segundo semestre de 2013), a meirande parte deles correspóndense con accións de financiamento de investigacións consideradas urxentes ou de especial interese para a Consellería correspondente (8), e para másteres oficiais (outros 8). Séguenlle os convenios de apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (4), de apoio á inserción laboral dos/das titulados/as dirixidas ao alumnado universitario galego (outros 4), apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación (3 deles) e, finalmente, 1 de apoio para a implantación do sistema docente.

Canto á distribución de recursos, tamén as accións de investigación son as que acaparan a meirande parte do orzamento (o 37,8 por cento do total), seguido das





iniciativas de apoio a accións sociais (con 31,81 por cento dos recursos), os másteres oficiais (o 14,01 por cento) e o apoio a infraestruturas (o 11,56 por cento).

Por número de convenios asinados destacan Presidencia da Xunta (7), Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (5), e Traballo e Benestar e Economía (con 4 cada unha delas). Tamén asinaron acordos coas universidades as consellerías de Sanidade e de Medio Ambiente (3 cada unha), e as de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Facenda (con 1 cada unha delas).



## **CULTURA E EDUCACIÓN CONSOLIDA NESTE CURSO 2014/15 O PLAN PROXECTA COMO O MAIOR PROGRAMA DE FOMENTO DA INNOVACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA**

- ***Un total de 420 centros, un de cada tres, desenvolverá 755 iniciativas coa participación de 4.359 docentes que coordinarán 71.966 alumnos e alumnas***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria chegará este curso a 420 centros de ensino co plan Proxecta, deseñado como un programa de fomento da innovación educativa. Púxose en marcha durante o curso 2012/13 co obxectivo esencial de promover a dinamización metodolóxica nas aulas, a potenciación da calidade da educación, así como a transmisión e posta en práctica de valores e competencias clave mediante proxectos interdisciplinarios.

Deste xeito, nesta terceira edición implicaranse un total de 4.359 docentes, que guiarán 71.966 participantes (o 30% do alumnado), de 420 centros, nos distintos programas educativos que recolle este curso, o que supón a consolidación desta iniciativa de fomento da innovación formativa que Cultura e Educación ofrece á comunidade educativa galega.

### **Colaboración coas consellerías**

O plan Proxecta crea un marco xeral de cooperación e coordinación da maioría das consellerías do Goberno galego, que integra nun mesmo espazo de referencia os programas dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia co propósito común do fomento das vangardas educativas, e establecen ademais uns criterios metodolóxicos e organizativos colectivos para a creación de postulados creativos que desenvolvan as capacidades clave e a formación en valores.

Trátase de propiciar dinámicas que favorezan a innovación nos propios centros a través de 28 programas externos compostos por tarefas dirixidas ao ámbito do ensino que buscan estimular a motivación e o traballo activo e cooperativo tanto do alumnado como do profesorado implicado. Toda a información pode consultarse na web do portal educativo <http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta> .

Este curso 2014/15 incorporáronse tres novas iniciativas: Rapazas emprendedoras nas TIC, desenvolvida pola Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia coa colaboración do Cesga; Móvete+, desenvolvida pola Secretaría Xeral para o Deporte da Presidencia da Xunta de Galicia; e Protexe o teu medio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



### **Premios de ámbito estatal**

A calidade dos traballos elaborados ao abeiro do devandito plan tivo o seu recoñecemento cos galardóns recibidos tanto a nivel autonómico como estatal. Así o CEIP A Rúa (Cangas) recibiu o Premio de Alfabetización Audiovisual do Ministerio de Educación, mentres que o IES Francisco Daviña Rey (Monforte) e o CPI Manuel Suárez Marquier (O Rosal) foron distinguidos co Premio Nacional de Educación.

En definitiva, esta acción busca a mellora das dinámicas educativas nos centros, co fin de favorecer a modernización dos procesos educativos a través de metodoloxías innovadoras no plano tecnolóxico.

